

## DECRETO CONVOCATORIA XGL. EXPTE Nº: 2022/G005/000024.

Excma. Sra. D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Excmo. Concello de Lugo.

En virtude das atribucións que me confiren os artigos 124.4.d) do texto vixente da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, **CONVOCO** sesión da **Xunta de Goberno Local**, que se levará a cabo por **vía telemática** o vindeiro **mércres**, día **25 de maio de 2022**, ás **10:00**, de acordo coa seguinte orde do día confeccionada para o efecto:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL ORDINARIAS DO 6,13, 20 E 27 DE ABRIL DE 2022.

### ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

#### LICENZAS URBANÍSTICAS

2. LICENZA URBANÍSTICA PARA EDIFICACIÓN DE 82,50 M<sup>2</sup>, DIVIDIDA EN CUATRO ZONAS: ALMACÉN DE APEIROS DE LABRANZA PARA MATEMENTO DUN HORTO EXISTENTE NA PARCELA, ALMACÉN DE FORRAXE E PEQUENA MAQUINARIA AGRÍCOLA, GALIÑEIRO E CUADRA DE OVELLAS, EN SAN VICENTE DE PEDREDA (Exp. 2020/Y001/000084).

3. LICENZA URBANÍSTICA PARA REESTRUTURAR E AMPLIAR EDIFICIO EXISTENTE PARA LOCAL SEN USO EN PLANTA BAIXA E 3 APARTAMENTOS TURÍSTICOS EN PLANTAS ALTAS, NA RÚA SAN FERNANDO, NÚMERO 4 (Exp. 2021/Y001/000304).

4. LICENZA URBANÍSTICA PARA CONTRUCCIÓN EDIFICIO EN RÚA ARMÓRICA, NÚMEROS 34, 36 E 38 (Exp. 2021/Y001/000022).

#### XESTIÓN

5. PAGO DO PREZO XUSTO FIXADO POLO XEG "EXPROPIACIÓN POR MINISTERIO DE LEI DA PARCELA 6 SITA NA RONDA XOSÉ CASTIÑEIRA CON REFERENCIA CATASTRAL 8620706PH1682S0001WO". EML-007.

### ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

#### CONTRATACIÓN E PATRIMONIO

## ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8563357166111562225.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 25-5-2022

6. ANULACIÓN DO ACORDO 7/282 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 18 DE MAIO DE 2022 DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAL DE IMPRENTA 2022 (RESERVADO A CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL) POR PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO. NOVA APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN DE REFERENCIA. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN (EXP. REF. 2022/C004/000011).

7. PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DE POSTOS DE VENDA DE MERCADORÍAS NO ARDE LUCUS 2022, PRORROGABLE PARA OS ANOS 2023, 2024 E 2025. EXP. REF. 2022-C005-000006. RECURSO DE REPOSICION PRESENTADO POLA ASOCIACION DE EMPRESARIOS LUGO MONUMENTAL CONTRA AS BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO. DESESTIMACIÓN.

### PERSOAL

8. PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO CONCURSO PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE TRABALLO ADXUNTO/A SERVIZO PARQUES E XARDÍNS NO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

### ÁREA DE GOBERNO DE CULTURA, TURISMO E PROMOCIÓN DA LINGUA

#### CULTURA

9. INFORME PROPOSTA SOBRE A APROBACIÓN DO GASTO E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ASOCIACIÓNS CULTURAI E PERSOAS XURÍDICO-PRIVADAS QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DA CULTURA.

### ÁREA DE GOBERNO DE PARTICIPACIÓN E SERVIZOS PARA VECIÑANZA

#### PARTICIPACIÓN E ATENCIÓN CIDADÁ

10. CAMBIO DE TITULARIDADE DO POSTO NÚMERO 8 DO MERCADO MUNICIPAL DE QUIROGA BALLESTEROS.

### MOCIÓNS, COMUNICACIÓNS E PROPOSICIÓNS

### ROGOS E PREGUNTAS

O que se comunicará ós membros da Xunta, coa remisión da convocatoria e coa indicación de que, no caso de non poder asistir, deberán comunicarllo á Alcaldía coa antelación suficiente. A documentación dos asuntos incluídos na orde do día atópase a disposición dos membros da Xunta, a partir da data desta convocatoria, no Servizo de Actas e Goberno.

Así mesmo, ó abeiro do disposto no artigo 126.5 da Lei 7/1985, convóquese á sesión ó Secretario accidental, como órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e ó Interventor Xeral Municipal.

Para os efectos da válida constitución da Xunta de Goberno Local, estarase ó disposto no artigo 126 da Lei 7/1985 e 16.4 do Regulamento orgánico municipal do goberno e administración do Concello de Lugo. De non se poder celebrar a sesión por falta do número legal de asistentes, a maioría absoluta dos seus membros, terá lugar en segunda convocatoria, unha hora despois da sinalada para a primeira, sempre que o número de asistentes non sexa inferior a un terzo dos seus compoñentes, que non poderá ser inferior a tres.

Cúmprase.

**Asinado dixitalmente pola Alcaldesa-Presidenta,**